



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA

Tif: 988.321.060. Fax: 988.325.969

E-mail: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24 - 32300. O BARCO DE VALDEORRAS

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



REVISIÓN CURSO 2019-2020

Sumario

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. BASE LEGISLATIVA.....	3
3. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	6
4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	7
5. RECURSOS HUMANOS.....	7
6. OBXECTIVOS.....	8
7. PROCEDIMENTO PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.....	9
8. PROTOCOLO PARA SOLICITUDE DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....	12
9. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E A COORDINACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE.....	15
9.1. Organización dos apoios.....	15
9.2. Criterios de atención.....	17
9.3. Modalidades de atención.....	17
9.4. Outras.....	18
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	19
10.1. MEDIDAS ORDINARIAS DE APOIO E REFORZO EDUCATIVO.....	19
10.1.1. Organizativas.....	19
10.1.2. Curriculares e metodolóxicas:.....	21
10.1.3. De coordinación:.....	24
10.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	25
11. DOCUMENTO INDIVIDUALIZADO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR. PROTOCOLO PARA A SÚA ELABORACIÓN.....	26
12. FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES DOS DIFERENTES PROFESIONAIS.....	28
12.1. Claustro.....	28
12.2. Profesorado titor.....	28
12.3. Profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.....	29
12.4. Departamento de Orientación.....	30
12.5. Equipo Directivo.....	31
12.6. Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).....	31
12.7. Auxiliares Técnico Educativos.....	32
12.8. Outros.....	32
13. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS.....	32
14. PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN.....	33
15. SEGUIMIENTO E MELLORA DO PLAN.....	33
15.1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado.....	33
15.2. Avaliación do plan propiamente dito.....	34
16. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS.....	35
16.1. Familias.....	35
16.2. Servizos externos.....	35
17. ANEXOS.....	35

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado neste centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo. O plan presta especial atención aos grupos con maior risco de exclusión, pero non se limita a eles.

Entendemos a atención á diversidade como unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trata de considerar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Desde esta perspectiva, entenderemos por diversidade as diferencias que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán desde o menos ao máis diferente e que determinarán, a súa vez, as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

O Plan Xeral de atención á Diversidade é unha ferramenta orientada a ofrecer ao conxunto do alumnado a axuda pedagóxica que necesite, personalizando a intervención educativa. Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferencias individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras de fomentar as máximas potencialidades de cada alumno/a, con independencia das súas características previas.

A resposta educativa ofrecida debe ter en conta as múltiples variables ambientais e non centrarse unicamente nas dificultades do alumno. É responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa. Pretende que os cambios metodolóxicos e organizativos beneficien a todo o alumnado e non so tente satisfacer as necesidades do alumnado con dificultades.

2. BASE LEXISLATIVA

- LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- LEI ORGÁNICA 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- ORDE do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobre-dotación intelectual.
- ORDE do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psico-pedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- CIRCULAR 1/1997, do 3 de marzo, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 29 de xaneiro de 1997 sobre información aos pais separados ou divorciados dos resultados da avaliación dos seus fillos.
- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- ORDE do 20 de febreiro de 2004 que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- REAL DECRETO 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- DECRETO 30/2007, de 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- ORDE do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- REAL DECRETO 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º; ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.
- INSTRUCIÓNS do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- PROTOCOLOS de actuación da Consellería de Educación.
- CIRCULAR 18/2002 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2002-2003.
- CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- CIRCULAR nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.
- CIRCULAR nº 23/2004 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Centros Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma para o curso 2004-2005.
- CIRCULAR 20/2005 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-2006.
- CIRCULAR 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.

CONVENCIÓN INTERNACIONAL de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade. 13 de decembro de 2006. Ratificada por España o 3 de maio de 2008.

- LEI 133/1982 , de 7 de abril, de integración social dos minusválidos.
- LEI ORGÁNICA 17/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.
- LEI ORGÁNICA 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- LEI 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidades
- LEI 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- LEI ORGÁNICA 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- LEI 10/2014, de 3 de abril, de accesibilidade.
- LEI 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- LEI 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas.
- LEI 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

3. ANÁLISE DO CONTEXTO

Centro	CEIP P. "Condessa de Fenosa"	Código	32015116
Tlf	988.321.060	Fax	988.325.969
Enderezo	R/ Coruña, 24	CP	32300
Localidade	O Barco de Valdeorras	Provincia	Ourense
e-mail	ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es	Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa

O colexio consta de dúas liñas: 12 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil. É considerado centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Nel funcionan dúas Aulas Específicas, unha delas recoñecida no catálogo de postos de traballo do centro. O colexio escolariza unha alta porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Todos estes alumnos/as son atendidos, ademais de polos titores, polo profesorado de apoio e pola orientadora.

O centro conta cos servizos de transporte e comedor escolar e habitualmente ten un alto número de alumnado escolarizado repartido entre as etapas de Infantil e Primaria.

Conta cun elevado número de profesorado con destino definitivo. Ademais traballan no colexio un conserxe, dúas auxiliares técnico educativas, unha cociñeira e catro axudantes de cociña, así como nove coidadoras de comedor.

O noso alumnado provén de todos os barrios da vila, especialmente daqueles que están dentro da área de influencia do centro ou das zonas con transporte. Tamén veñen alumnos/as de pobos próximos.

A procedencia da poboación deste centro é orixinaria do concello, aínda que existe unha porcentaxe considerable de alumnado estranxeiro ou de ascendencia estranxeira. Cada vez temos máis alumnos/as que proveñen doutros países, algúns deles con pouco ou nulo coñecemento das linguas oficiais da comunidade e/ou, con niveis curriculares moi diferentes dependendo do país de orixe. En ocasións hai que engadir a estas dificultades os problemas de adaptación a un novo país cunha cultura descoñecida.

A maioría das familias do centro teñen unha estrutura convencional, aínda que, cada vez, é máis común a existencia de estruturas familiares diversas. Teñen un nivel socioeconómico e cultural moi heteroxéneo. Entre as ocupacións das familias predominan os traballadores/as no sector servizos, autónomos, traballadores da lousa, profesións liberais entre outras. En moitas familias traballan ambos proxenitores. Polo xeral acostuman implicarse na marcha escolar dos seus fillos/as e acoden maioritariamente ás reunións tanto xerais, como ás entrevistas individuais, e colaboran nas orientacións que se lles dan desde o colexio. Hai un baixo índice de absentismo escolar.

4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

- A totalidade do alumnado, diverso ante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:
- Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou da conduta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas ou que manifeste dificultades graves de adaptación escolar:
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no

sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.

- No caso do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo existe un Plan de Acollida no que se establecen as medidas e pautas a seguir no centro para a acollida e inclusión do alumnado inmigrante e/ou de minorías socioculturais.

5. RECURSOS HUMANOS

- Todo o profesorado do centro, en tanto que dá resposta a toda a diversidade do alumnado: Claustro, Comisión pedagóxica (CCP).
- Profesorado titor.
- Profesorado especialista das distintas materias.
- Profesorado de apoio: Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL).
- Profesorado de apoio de Infantil.
- Profesorado de Reforza-T.
- Departamento de Orientación (DO).
- Equipo directivo.
- Auxiliares técnicas educativas (ATE).
- Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas especiais do alumnado.
- Administración Educativa.
- Outros: Servizos Sociais, Servizos médicos...

É necesaria unha total coordinación de todos os recursos humanos existentes nos diferentes ámbitos profesionais que podan incidir no campo educativo. A actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen.

6. OBXECTIVOS

- Servir de referente criterial para que o centro poida concretar o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto co fin de desenvolver ao máximo posible ás súas potencialidades.

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe para adaptarse aos requirimentos e características de cada alumno/a.
- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- Desenvolver procesos de atención á diversidade que axuden ao alumnado a conseguir, como mínimo, os obxectivos propostos para o final de cada etapa, ofrecendo actividades e estratexias que favorezan a súa aprendizaxe e evolución.
- Acoller, axudar e facilitar a integración do novo alumnado e as súas familias a través do Plan de acollida.
- Fomentar a participación de todo o equipo docente na elaboración e aplicación do Plan de Atención á Diversidade.
- Garantir a actuación coordinada de todas as persoas implicadas na atención á diversidade: familia, alumno/a, profesorado, titores/as, orientadora e equipo directivo.
- Favorecer a formación do profesorado na atención á diversidade.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.
- Incorporación dos diferentes valores, tendo como referencia o Proxecto Educativo do Centro.

7. PROCEDIMIENTO PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

Nun primeiro lugar tentarase deseñar ferramentas para detectar as fortalezas, debilidades, intereses, estilos de aprendizaxe e talentos de todo o alumnado a través do proxecto de intervención pedagóxica baseado no modelo SEM.

En función destes realizaranse actividades adaptadas a cada grupo, definiranse propostas de enriquecemento personalizadas que teñan en conta os recursos humanos e materiais do centro, a contorna e a comunidade que o rodea. A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer o punto de partida dos alumnos/as con relación aos aprendizaxes esperados, dar feedback e axustar o proceso de ensinanza acorde ás características e necesidades dos nenos/as. Deste xeito tentaremos facer efectiva a atención educativa que teña en conta as necesidades de todos e cada un dos alumnos/as coa finalidade de identificar o tipo de axudas e recursos para facilitar o seu proceso educativo. Nesta tarefa pódese contar coa colaboración da orientadora.

A detección e valoración das necesidades realizarase ademais mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación e avaliación psicopedagóxica.

A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa, tendo en conta non so as debilidades, senón tamén as fortalezas.

A principios de curso, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo que pode ter un alumno/a en concreto. Se existen estas, o comunicará á xefa do Departamento de Orientación. .

A partir da información rexistrada, o profesorado titor e a persoa responsable do Departamento de Orientación revisarán as medidas que se estean levando a cabo e deseñaranse posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe. Nun principio tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias.

Así mesmo planearase unha hipótese sobre cal pode ser o problema, e realizarase unha avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais para a ensinanza-aprendizaxe do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa nas áreas que se considere que deben ser melloradas e para fomentar os seus talentos.

A avaliación ten que servir para detectar os acertos e os obstáculos, para afianzar e destacar aquilo que está a servir para a aprendizaxe e modificar o que o dificulta.

Cando se considere necesario, o profesorado titor realizará unha demanda de intervención ao Departamento de Orientación. Con este fin cubrirase por escrito un

cuestionario a tal efecto. (Documento de derivación do CEIP Plurilingüe “Condesa de Fenosa”). Os posibles signos de alerta para solicitar esta intervención poden estar relacionados con:

- Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade visual.
- Dificultades para interiorizar e procesar a información que recibe a través da modalidade auditiva.
- Dificultades no desenvolvemento da linguaxe.
- Dificultades ou limitacións para realizar movementos que poden condicionar o desenvolvemento doutros ámbitos.
- Dificultades de conduta: posible problemática relacionada co Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade, outras.
- Indicadores de risco social.
- Indicadores dunha posible problemática relacionada co Trastorno xeneralizado do desenvolvemento.
- Dificultades no desenvolvemento cognitivo.

Previamente á avaliación psicopedagóxica, a orientadora comunicarllo ao xefe de estudos e o titor/a contactará coa familia

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico, no que, entre outras, se recollerán as medidas de atención para dito alumno/a, así como se establecerán as necesidades específicas de apoio educativo e os recursos e medidas de carácter extraordinario, indicando si son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia (Modelo informe psicopedagóxico).

Periodicamente levarase a cabo un rexistro dos avances e a revisión das medidas adoptadas para introducir os axustes necesarios. (Seguimento).

No caso do alumnado de nova incorporación, realizarase unha entrevista coa familia do alumno/a na que se recadarán os datos máis importantes referidos a evolución do neno/a. (Modelo cuestionario para as familias do alumnado de novo ingreso).

Cando se identifiquen determinados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade física, sensorial..., se lle pedirá aos pais a documentación que así o acredite. Esta situación poñerase en coñecemento do Equipo Directivo que, a súa vez, o comunicará á Inspección de zona para que llo transmita ao EOE co fin de realizar un ditame (Modelo intervención EOE). Axuntarase un informe do departamento de orientación do centro.

Non se trata de etiquetar ao alumnado con neae, senón de ter en conta todas as variables que poidan influír na súa aprendizaxe, de tal forma que, tras unha valoración da situación nun marco educativo concreto, se articulen todas as medidas pedagóxicas que se poidan aplicar no ámbito do centro.

Para a realización da avaliación psicopedagóxica seguiranse as pautas marcadas polos protocolos publicados pola Consellería de Educación.


En moitas ocasións, no proceso de avaliación psicopedagóxica trabállase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É frecuente detectar indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área educativa e sanitaria simultaneamente.

Nestes casos comeza o proceso como se explicou anteriormente, aínda que tamén pode ser que sexa o/a pediatra o que detecte sinais de alerta que requiran dunha intervención psicopedagóxica.

Elaborarase un informe educativo destinado aos servizos sanitarios, poñéndoo en coñecemento do equipo directivo do centro. Así mesmo comunicarase o contido do mesmo aos pais ou titores legais do alumno/a.

Unha vez que o/a pediatra teña no seu poder o informe derivará ao alumno/a con dificultades ao servizo que considere oportuno.

Nestes casos pídeselle aos pais que soliciten un informe clínico para o centro educativo co fin de elaborar un plan de actuación e seguimento a nivel educativo pero en coordinación cos profesionais sanitarios. Por suposto estes datos serán postos en coñecemento do Equipo directivo e do profesorado titor, que terán en conta a súa confidencialidade. (Modelo Documento Informe Educativo destinado aos Servizos Sanitarios).



8. PROTOCOLO PARA SOLICITUDE DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intervención do DO	<ul style="list-style-type: none"> • O titor/a detecta necesidades educativas nun alumno/a e non consegue darlle resposta no ámbito da titoría. • Demanda colaboración á orientadora, que revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño doutras posibles medidas de reforzo. • Tentarase de dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias. Se se consegue, péchase o ciclo de intervención. • Se non se consegue, o titor/a realizará unha demanda de intervención por escrito (Documento de derivación). • A XDO, coa autorización da familia, inicia unha etapa de recollida de datos e, cando se considere preciso, realizará unha avaliación psicopedagóxica. • En función do anterior elaboraranse: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Pautas de intervención. ◦ Preinforme ou Informe psicopedagóxico. ◦ Ditame psicopedagóxico.
Apoio do profesorado	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitude do apoio por parte do profesorado á XDO.

de PT/AL	<ul style="list-style-type: none"> • Información á familia a través do titor/a. • Folla de Derivación ou Demanda de AL. • Proposta de apoio do Departamento de Orientación. Ter en conta que para que un alumno/a teña apoio do profesorado especialista debe ter un informe psicopedagóxico. • Información á xefatura de estudos e autorización da Dirección do centro. • Documentación necesaria: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Solicitud de valoración e/ou apoio. ◦ Informe psicopedagóxico, se procede. ◦ Autorización da familia. ◦ Documento de proposta á Dirección do centro.
Adaptación curricular	<ul style="list-style-type: none"> • Habitualmente cando un titor/a propón a un alumno/a como posible candidato a Adaptación Curricular, xa se esgotaron previamente outra serie de medidas ordinarias e excepcionais: valoración e informe psicopedagóxico, ACNS, Reforzo Educativo, repetición. • Proposta do titor/a. • Reunión coordinada polo xefe de estudos para decidir a pertinencia da adaptación curricular. (Acta). • Información á familia e autorización da mesma (aínda que non é precisa a mesma para levala a cabo). • Elaboración das adaptacións das diferentes áreas. • Solicitud de autorización da AC á inspección por parte da dirección do centro. • Documentación necesaria: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Informe psicopedagóxico. ◦ Acta da reunión da decisión. ◦ Acta co nivel curricular do alumno/a. ◦ Documento de información á familia e sinatura do mesmo. ◦ Programacións adaptadas das diferentes áreas. • Mentres non haxa que volver a revisar obxectivos, non é preciso volvela enviar a Inspección.
Enriquecemento curricular horizontal	<ul style="list-style-type: none"> • Informe psicopedagóxico. • Asesoramento do DO e do EOE. • Apoio de PT. • Programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola.
Repetición	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión dos obxectivos mínimos do nivel. • Unha vez se comproba que non os acada, realizarase unha reunión do equipo docente do alumno/a para valorar se esta medida excepcional pode supor un beneficio. • Decisión do titor/a e información ás familias. • Programa de reforzo individualizado para o seguinte curso.

<p>Flexibilización da duración do período de escolarización</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A duración do período de escolarización do ACNEE na educación infantil e primaria pode modificarse excepcionalmente. • Educación infantil: poderase aumentar excepcionalmente nun ano . En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade. • Educación primaria: poderase aumentar excepcionalmente nun ano. No caso de non haber permanecido un ano máis en infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os quince de idade. • Proposta do titor-a, do equipo docente e/ou XDO. Informe que xustifique a necesidade da medida elaborado polo departamento de orientación. • Conformidade expresa da familia. • Informe psicopedagóxico. • Historial académico (XADE) • Orientacións sobre a proposta curricular adaptada: competencias xerais e obxectivos a conseguir. • Informe da Inspección Educativa. • Solicitude á Dirección Xeneral de Ordenación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización.
<p>Escolarización en aula específica dentro dun centro ordinario</p>	<p>Poderase recorrer á escolarización, completa ou combinada, en unidades ou centros específicos de educación especial naqueles casos nos que sexa imprescindible o emprego de recursos extraordinarios de difícil xeneralización.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Avaliación e informe psicopedagóxico. • Ditame de escolarización e ditame de contraste do EOE. • Informe da Inspección Educativa. • Resolución da Dirección Xeneral de Ordenación Educativa, á que corresponderá a autorización ou denegación da medida.
<p>Atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> • É destinatario desta atención o alumnado de longa ou media hospitalización. • Ter en conta que este tipo de atención dáse en etapas obrigatorias preferiblemente. • O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de

	<p>orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manteñen a súa escolarización a efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. • Coordinación estreita coa titoría e a XDO, que deben orientar o programa educativo. • O alumnado que deba permanecer convalecente no seu domicilio por un tempo superior a un mes será destinatario de atención educativa domiciliaria. Un alumno/a que, por enfermidade crónica, falte máis de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses, tamén. • Precisaríase un certificado médico que xustifique a convalecencia e a estimación do período de tempo e enviar a información a inspección, que autorizaría a medida se procede.
<p>Cando haxa un protocolo elaborado pola Consellería de Educación, aplicaranse os pasos que nel se pautan.</p>	

9. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E A COORDINACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE.

9.1. Organización dos apoios

O criterio xeneral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos a cada etapa educativa.

A valoración da orientadora do centro sempre debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Ter en conta que é nunha medida extraordinaria, polo que deben esgotarse previamente medidas máis normalizadoras.

A familia do alumnado susceptible de reforzo será informada previamente das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar. É recomendable ter a autorización asinada dos proxenitores.

O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir apoio estable de PT e/ou AL.

Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Estes alumnos/as estarán relacionados con alumnado con moi baixa estimulación familiar para o fomento da aprendizaxe, con graves dificultades desde o primeiro curso para acceder ás áreas instrumentais, con dificultades graves para manter e afianzar aprendizaxes, con dificultades de articulación ou fluidez na

linguaxe espontánea e con bagaxes moi pobres nas áreas da linguaxe oral principalmente.

Os apoios se dirixirán fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballárase en conformidade á mesma.

Os apoios se impartirán preferentemente durante as áreas das linguas, matemáticas ou ciencias sociais e naturais, e non en E. Física, Plástica e Música.

Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de apoio.

As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

O apoio se dará preferentemente dentro da aula ordinaria. Só se producirán intervencións directas especializadas cando: Só se producirán intervencións directas especializadas cando:

- A resposta educativa que precise o alumno/a con neae non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas (alumnado con desfase curricular considerable).
- Alumnado que teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe. Serán sesións curtas preferiblemente de media hora.
- Alumnado de distintas aulas agrupado nunha mesma sesión.
- Alumnado con descoñecemento das linguas da comunidade.
- O alumnado non teña adquirido ou non domine as técnicas instrumentais básicas, dependendo do nivel no que se atope. Este apoio se levará a cabo coa especialista de PT en primeiro lugar e coa especialista de A L, se fose posible, por necesidades horarias.
- Os apoios fóra da aula nunca excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva. O alumnado que reciba apoio de PT ou AL non terá máis reforzos fóra da aula.
- Asegurarase que o alumnado escolarizado en modalidade de aula específica e/ou combinada participe en todas as actividades da aula ordinaria que sexa posible e, especialmente, en materias como: Música, Educación Física, Plástica, etc.
- Realizárase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e das medidas tomadas. Introducíranse as medidas correctoras que se consideren oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.
- Na ficha de seguimento cuberta polo profesorado de apoio trimestralmente, recóllerase o grao de consecución dos obxectivos programados para dito período e plasmaranse as modificacións realizadas froito da avaliación

- Informarase ás familias, cando menos trimestralmente, do grao de consecución dos obxectivos programados.
- Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta necesidades educativas.
- Punto importante a tratar nesas primeiras reunións entre profesionais é o establecemento de criterios comúns de intervención e a “distribución” de tarefas e competencias para un plan de intervención coherente, tendo en conta as necesidades.
- Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

9.2. Criterios de atención

A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexeranse polos seguintes criterios:

1. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais derivadas de Discapacidade (visual, auditiva, intelectual, ou motora), Trastornos de Espectro Autista (TEA) e Trastornos Graves de Conduta.
2. Alumnado que manifieste un desfase curricular significativo e teña unha AC.
3. Outro alumnado con NEAE e informe psicopedagóxico que precise atención educativa.
4. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo esa atención, sempre e cando non aparezan casos con maior necesidade.
5. En xeral primaranse os cursos máis baixos para recibir atención educativa do profesorado de apoio.
6. En Educación Infantil só recibirán atención de Pedagogía Terapéutica aqueles casos precedidos dun ditame psicopedagóxico.
7. En canto ao profesorado especialista de Audición e Linguaxe primarase a intervención temperá no ciclo de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria.
8. Cando existan moitas solicitudes para recibir apoio, priorizaranse atendendo a criterios pedagóxicos e evolutivos marcados pola Comisión Pedagóxica (CCP).

9.3. Modalidades de atención

- Os apoios preferentemente faranse nas aulas ordinarias. A distribución horaria será viable segundo a evolución do alumnado e a dinámica do centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.

- O alumnado suxeito de reforzo educativo e que non puidese ou non se considerase necesario o apoio especializado recibirán este apoio por parte do profesorado do nivel, ciclo ou nivel máis afín. Este reforzo pode ser:
 - Atención individualizada do alumno/a polo profesorado titor cando precisa un apoio puntual sen a intervención directa doutro profesor/a ou especialista.. Contará co asesoramento da orientadora e/ou cos recursos necesarios, cando se considere oportuno. Introduciranse as modificacións metodolóxicas precisas: equipos de traballo en pequenos grupos, alumnado titor etc
 - Apoio dentro da aula por parte dun profesor/a dun nivel afín ao alumnado de reforzo educativo nas áreas e horas segundo dispoñibilidade horaria. Tratarase de que coincidan con área instrumentais.
 - Apoio dentro da aula levado a cabo polo profesorado de apoio de Educación Infantil.
 - Docencia compartida: impartir clase de forma conxunta sen desdobrar o grupo ou separar ao alumnado con dificultades (traballo por proxectos, metodoloxías contextualizada)
- Atención especializada por parte do profesorado de apoio. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiran, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas.
- Apoios temporais dentro do aula. Atención por parte do especialista ou doutro profesor/a, que intervén no grupo aula atendendo a un alumno/a concreto: Neste sistema o profesor de apoio traballa o currículo, dentro do aula ordinaria, co alumno con necesidades educativas. O obxectivo é permitir ao profesor ordinario levar un ritmo "normal" mentres que se lle garante ao alumno con necesidades, o apoio na área e os contidos que se imparten na clase.
- Apoios temporais fóra da aula. En determinadas áreas ou actividades (principalmente as instrumentais) o alumno ou grupo de alumnos/as con necesidades educativas específicas sae do seu grupo-aula para ser atendido polo profesorado de apoio.
- Apoios temporais ou permanentes dentro da aula impartidos polo profesorado de apoio de Infantil. Reforzan a tarefa educativa cotiá nas diferentes aulas e en actividades específicas como psicomotricidade, inglés.... Así mesmo, atenden ao alumnado que manifesta neae.
- Atención especializada por parte do profesorado de apoio na aula específica coa participación en todas actividades que sexa posible co grupo de referencia.
- Escolarización combinada entre a aula ordinaria e a aula específica.

9.4. Outras

Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.

- Ten por finalidade continuar o proceso formativo do alumnado de educación obrigatoria que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.
- Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario nalgunha das seguintes situacións:
 - a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
 - b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
 - c) Curta hospitalización: menos de quince días.

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro escolar de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención á intervención directa específica e, incluso, extraordinaria.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

É importante que se reflectan no Proxecto Curricular de Centro e no Proxecto Educativo de Centro.

10.1. MEDIDAS ORDINARIAS DE APOIO E REFORZO EDUCATIVO

- Son as actuacións e programas dirixidos a previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario, sen alterar ningún dos seus elementos esenciais, co fin de que a totalidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de curso, etapa e/ou nivel.

10.1.1. Organizativas:

- Aproveitar ao máximo os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como unha adecuada organización dos mesmos.

- Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que se posibilite a posta en marcha das medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do centro.
- Uso pedagóxico dos espazos.
- Organizar contornas de aprendizaxe na aula que permitan traballar cooperativa e individualmente.
- Organizar na aula ambientes de aprendizaxe, creando novos escenarios que permitan e favorezan a aprendizaxe; distribuindo a aula de xeito que fomente as interaccións e que permita traballar en equipo; favorecendo métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo
- Organizar na aula estacións, dividindo a clase en grupos segundo a ratio de cada clase. O titor/a organiza os grupos e programa as distintas tarefas que se van a desenvolver na sesión. O xeito de traballar é similar aos grupos interactivos con rotación do alumnado, de forma que, ao rematar a sesión, todo o mundo pasou polas distintas mesas e realizou a tarefa de cada unha.
- Organizar o traballo por recantos de enriquecemento na aula: proposta de ambientes de aprendizaxe onde se modifica o ambiente da aula para transformalo en ambiente de aprendizaxe.
- Organizar na aula centros de aprendizaxe: zona dentro da aula deseñada para ensinar ou reforzar un concepto ou habilidade concreta. Pode destinarse a unha materia en concreto.
- Organizar centros de interese que motiven aos alumnos/as a enriquecer os coñecementos e inclúan materiais de profundización.
- Organizar a distribución dos tempos tendo en conta que esta distribución se realiza en función das necesidades do alumnado e que esta suxeita a modificacións permanentemente. De feito os horarios refanse ao longo do curso cando cómpre.
- Coordinar a actuación dos diferentes profesionais. Facilitar, desde a organización do centro, a coordinación necesaria entre os profesionais que interveñen co alumnado.
- Organizar as medidas de apoio: Terá unha atención especializada o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas, por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta.
- Definir as funcións e responsabilidades dos diferentes profesionais.
- Clarificar o modelo de intervención.
- Definir e establecer criterios xerais para determinar que nenos/as han de recibir apoio, así como cando e de que tipo.

- Retirar os apoios de xeito gradual a medida que aumenta a autonomía.
- Modificar a contorna para eliminar as posibles barreiras.
- Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas as súas características e necesidades.
- Organizar grupos de reforzo. Contemplan a posibilidade de organizar actividades de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado e na distribución inicial dos agrupamentos. (apoios, desdobres...).
- Organizar grupos de aprendizaxe co fin de reforzar as áreas instrumentais nas que o alumnado non acadou o nivel de desenvolvemento previsto.
- Organizar grupos específicos de aprendizaxe das linguas para aqueles alumnos/as que descoñezan as linguas da nosa comunidade. Apoios intensivos en ensinanza do idioma para alumnado estranxeiro.
- Organizar actividades de recuperación co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de áreas, ou materias non superados en cursos anteriores. A tal efecto, inclúiranse na planificación do curso as medidas organizativas oportunas.
- Organización de programas individuais e grupais: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudo, de estimulación, de enriquecemento cognitivo, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Reducir o número de profesorado que atende a alumnos e alumnas ou a grupos con características específicas. Cando as características dun alumno/a ou dun grupo de alumnos/as o requira, procurarase que o equipo docente que lle atende estea composto polo menor número posible de profesorado.
- Realizar un seguimento individualizado daqueles alumnos e alumnas cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.
- Revisar o nivel de participación dos pais/nais así como a relación coa comunidade.

10.1.2. Curriculares e metodolóxicas:

- Adaptar os procesos de ensinanza ao estilo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Adecuar obxectivos. Esta adecuación poderá establecerse, entre outras, das seguintes formas:
 - Priorizar obxectivos e seleccionar os contidos mínimos propios do ciclo.
 - Variar a temporalización dos mesmos.
 - Incluír obxectivos relativos a aspectos que o alumno considere relevantes ou que, en todo caso, sexan relevantes no entorno ao que pertence o alumnado.

- Acompañar os obxectivos de pautas e rúbricas que lles axuden a ser conscientes da súa aprendizaxe.
- Vincular os obxectivos de cada área, materia, ámbito ou módulo coas capacidades de nivel e de etapa. Clarificar a contribución de cada área, materia, ámbito ou módulo á consecución dos obxectivos xerais de nivel e de etapa.
- Enriquecer o currículo das áreas con referencias e achegas de diferentes culturas.
- Organizar os contidos en ámbitos integradores. Cando as características do alumnado ou dos grupos o requira, se poderán organizar os contidos das diferentes áreas, materias ou módulos en ámbitos de coñecemento de carácter integrador.
- Distinguir entre os contidos que se consideran fundamentais e os que teñen un carácter complementario. De forma que os contidos básicos sexan os mínimos para todo o grupo e, polo tanto, neles se centrará o traballo con aquel alumnado que presente determinadas dificultades de aprendizaxe, mentres os de carácter complementario irán destinados a aquel alumnado sen dificultades para o aprendizaxe ou para aquel outro que está especialmente dotado.
- Compactación do currículo: eliminar aquelas unidades didácticas cuxos contidos xa dominen de antemán, eliminando repeticións e liberando tempo para actividades que lles supoñan un reto superior. Neste caso deberíase realizar un seguimento concreto que rexistre que áreas e contidos foron compactados para cada alumno/a e por que tipo de traballo alternativo foi substituído.
- Enriquecemento: banco de recursos con actividades que supoñan un reto para o alumno/a nas áreas que amose maior capacidade e rendemento.
- Preparar actividades complementarias, de ampliación ou afondamento, dirixidas a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez. Este bloque de actividades centrarase sobre os contidos que non se consideran fundamentais para o desenvolvemento das capacidades básicas.
- Ampliación. Medidas de profundización e enriquecemento. Actividades de enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- Afianzar os contidos do ciclo anterior.
- Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras: aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- Utilizar metodoloxías inductivas que propicien que o propio alumno/a constrúa o coñecemento: aprendizaxe baseado en proxectos, aprendizaxe baseado en problemas, aprendizaxe baseado en retos.
- Traballar de forma sistemática e planificada o pensamento crítico facéndoo visible desenvolvendo a meta-cognición.

- Incluir actividades para a meta-aprendizaxe (rutinas de pensamento).
- Utilizar auto-instrucións ou plans cognitivos; que pasos hai que seguir para?
- Proporcionar múltiples formas de implicación. Utilizar diferentes estratexias para motivar ao alumnado.
- Presentar a información ao alumnado mediante soportes variados e en formatos distintos, por exemplo textos audiovisuais e non so escritos.
- Ofrecer a información por todos os sentidos con claves visuais, táctiles e/ou auditivas.
- Ofrecer opcións de ampliación do tamaño da letra.
- Adaptar textos a lectura fácil.
- Ofrecer apoios para a comprensión de textos (glosario).
- Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- Adaptar materiais didácticos.
- Permitir o uso de diversos materiais de apoio.
- Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.
- Facilitar correctores ortográficos, gramaticais e software de predición de palabras.
- Facilitar o uso da calculadora cando o obxectivo non sexa realizar operacións.
- Motivar ao alumnado propoñendo retos, actividades baseadas nos seus intereses, deixándolles escoller, utilizando propostas metodolóxicas como a gamificación, cambiando a estrutura ou organización da aula, evitando facer sempre o mesmo.
- Partir do ritmo de traballo do alumno/a.
- Posibilidade de prever que nun momento determinado coexistan na aula distintas formas de agrupamento, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.
- Diseñar actividades multi-nivel.
- Ofrecer actividades apropiadas a cada idade e/ou capacidade, contextualizadas e socialmente relevantes.
- Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.
- Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais, graduando a súa dificultade en función das posibles dificultades de aprendizaxe que

podan presentarse e planeándoas de forma que permitan traballar un mesmo contido con niveles de esixencia diferentes.

- Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. traballo autónomo, actividades dirixidas...
- Gradar sempre as tarefas, de menor a maior complexidade.
- Dividir as tarefas en obxectivos a curto prazo.
- Programar tarefas de menor duración.
- Dar instrucións simples e claras que poidan acompañarse de listas de cotexo, que lles axuden a estruturar e executar a tarefa.
- Empregar ferramentas de xestión do tempo, reloxos de area, aplicacións informáticas...
- Promover no alumno/a a motivación e a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe.
- Garantir que todo o alumnado vai poder participar nunha avaliación a través da cal sexan capaces de demostrar a aprendizaxe realizada.
- Priorizar estándares de aprendizaxe nos que o alumno amose unha especial fortaleza.
- Incorporar accións de revisión do aprendido, listas de comprobación, , etc.
- Diversificar os procedementos de avaliación.
- Adecuar tempos, criterios e procedementos de avaliación.
- Variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información
- Unificar criterios e procedementos na recollida de información
- Rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado;
- Diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais.
- Ser flexibles cos tempos de execución e resposta.
- Proporcionar múltiples medios de representación.
- Proporcionar ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben.
- Ofrecer diferentes posibilidades, non so a linguaxe escrita, para permitir ao alumnado expresar o que sabe.
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Incluír diferentes estratexias de auto-avaliación: listas de control, rúbricas, etc.

- Valorar, en todas as actividades, as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que responden aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.
- Insistir no desenvolvemento das capacidades de tipo afectivo, fomentando a seguridade e a autoestima do alumnado.

10.1.3. De coordinación:

- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, incidindo nos seguintes aspectos: o seguimento individual e grupal do alumnado, o desenvolvemento integral do alumnado, a colaboración periódica coas familias, a coordinación do conxunto do profesorado de cada grupo, co fin de facer un seguimento de casos e colaborar en determinadas intervencións cando así se requira.
- Proposta e desenvolvemento de Plans de Orientación Académica, que inclúan actuacións de diverso tipo: informativas, preparatorias para a incorporación ao novo centro e outras.
- Reunións periódicas do profesorado que intervéñen cun determinado alumno/a ou grupo para facilitar a coordinación das súas actuacións.
- Intervención doutros profesionais: procurarase realizar unha intervención coordinada entre os auxiliares educadores, fisioterapeutas e outros profesionais contribúa á consecución de obxectivos educativos.

10.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son as actuacións de carácter individual que se toman nun centro para responder a unhas necesidades educativas específicas moi concretas que presenta o alumnado e requiren da organización duns recursos persoais e materiais concretos.

Precisan informe xustificativo do servizo de orientación, así como a autorización da Dirección do Centro, de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou Dirección xeneral, segundo proceda. É conveniente que queden recollidas no expediente académicos as medidas tomadas co ACNEAE. So levaranse a cabo unha vez esgotadas as máis ordinarias.

- Apoio do profesorado especialista de PT/AL. Traballo colaborativo entre profesorado titor e profesorado de apoio. Ambos docentes son responsables do grupo de alumnos/as e participan no mesmo grao nas tarefas de ensino-aprendizaxe que se programen.
- Adaptacións curriculares significativas (AC). A avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións. (Art. 16. D 105/2014 de 4 de setembro).

- Escolarización nun curso inferior para alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo con desfase na competencia curricular de máis de dous anos. No caso de superar o desfase incorporárase ao curso que lle corresponda por idade. (Decreto 105/2014 de 4 de setembro).
- Repetición (medida excepcional). Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores. (Decreto 105/2014 de 4 de setembro).
- Flexibilización da duración do período de escolarización
- Permanencia extraordinaria dun curso adicional en Educación Infantil.
- Permanencia extraordinaria dun ano máis no ciclo en Educación Primaria.
- Programas específicos de aprendizaxe para determinados grupos de alumnos/as: grupos de adquisición de linguas, grupos de adaptación da competencia curricular e outros programas de características similares.
- Escolarización en modalidade combinada ou en aula específica dentro do centro ordinario. O noso centro conta con aula específica.
- Escolarización en centros de educación especial.
- Calquera outra que determine a Administración educativa.

Existen medidas extraordinarias e excepcionais, como poden ser as Adaptacións Curriculares e a repetición, para as que non existe actualmente lexislación sobre como se priorizan. Por ese motivo o equipo docente e a orientadora resolverán en cada caso particular a opción máis indicada. Mentres non haxa normativa ao respecto, primará sempre o criterio pedagóxico e o que menos restrinxa as opcións do alumno/a.

A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen. Evitárase asociar de xeito automático necesidades a medidas, debéndose aplicar, en cada caso, as que máis conveñan á situación do alumno/a. Deben planearse con fins concretos, revisados cada ano. Non deben ir máis alá da finalidade creada. Son algo "excepcional". Evitaremos a tendencia a rutinizarse e marcar ao alumnado.

Cando as medidas tomadas impliquen que o alumnado deba saír da aula ordinaria terase en conta que a finalidade última segue a ser integradora e non o medio de quitar problemas dos grupos. Debemos ter en conta que, aínda que ás veces, estas medidas empezan con finalidade integradora, acaban supoñendo unha vía marxinal. O grupo ordinario ten que seguir sendo a referencia básica.

11. DOCUMENTO INDIVIDUALIZADO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR. PROTOCOLO PARA A SÚA ELABORACIÓN.

A Adaptación Curricular é unha medida de atención extraordinaria. Empregarase unicamente cando estean esgotadas todas as medidas posibles de atención á diversidade máis ordinarias. Non se realizará a non ser que haxa repetición previa dun curso académico.

Pode supoñer modificacións máis ou menos significativas respecto aos distintos elementos integrados no currículo: obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. En función do grao de distancia que representen respecto ás actuacións ordinarias que se seguen co resto do alumnado, poden clasificarse pola seu maior ou menor grado de significatividade.

Nelas deberán quedar moi claros os seguintes puntos:

- Datos de identificación.
- Datos de elaboración da AC: previsión, profesionais participantes, duración e data de revisión.
- Datos do contexto escolar.
- Información relevante sobre a historia persoal do alumno/a.
- Datos do contorno socio-familiar
- Outros datos relevantes: desenvolvemento persoal, datos médicos a destacar, outros datos de interese.
- Información relevante sobre a historia escolar do alumno/a.
- Definición das necesidades educativas especiais.
- Nivel de competencia curricular.
- Estilo de aprendizaxe.
- Adaptacións de acceso.
- Recursos persoais.
- Recursos materiais específicos
- Horario do alumno/a o número e tipo de apoios a realizar polos especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Adaptacións do propio currículo.
- Obxectivos, contidos e avaliación.
- Metodoloxía.
- Áreas específicas de traballo: pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Criterios de avaliación das áreas adaptadas.
- Criterios de cualificación das áreas adaptadas.
- Temporalización das aprendizaxes planificadas na proposta curricular.
- Seguimento das decisións adoptadas.

Na súa elaboración están implicados o profesorado titor e o profesorado da área coa colaboración e asesoramento do equipo directivo, do equipo educativo responsable

do alumno/a, do Departamento de Orientación e do Equipo Específico se é o caso, así como de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno/a.

O proceso de elaboración das AC debe ser dinámico e flexible. Aínda que a súa realización ten unhas fases claras non debe tomarse como un proceso lineal no que non se pode pasar á seguinte fase sen haber esgotado a anterior. A primeira fase comeza cunha reunión na que tomaran parte:

- Xefe de estudos.
- Profesorado titor
- Profesorado das áreas - materias que se consideran obxecto de AC.
- Profesorado de apoio.
- Profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica.

O obxectivo desta reunión é estimar a pertinencia da AC e clarificar os elementos do currículo que deberán ser modificados, así como determinar o nivel de competencia curricular do alumno/a.

En segundo lugar se solicitará unha autorización á inspección educativa a través do director do centro e se comunicará a decisión á familia.

Seguidamente elaborárase o documento AC, onde se recollerá por escrito, no modelo de AC do centro, a información relativa aos aspectos citados anteriormente.

Para realizar o seguimento e revisión da adaptación todos os profesionais implicados na atención educativa do alumno/a (profesorado titor e de área, especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe) valorarán a adecuación e grao de cumprimento da adaptación curricular. Realizarase preferiblemente unha vez ao trimestre e, como mínimo, ao rematar cada curso, salvo outras indicacións.

Desenvolvemento da AC: o alumno/a obxecto de AC estará Integrado na medida do posible no contexto ordinario, fóra del en casos excepcionais debidamente previstos na AC e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

O referente para a elaboración da AC serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no Proxecto Curricular de Centro. O rexistro da mesma realizarase no expediente académico do programa Xade. O documento da AC forma parte do expediente académico do alumno/a. A duración da AC pode ser anual ou de dous cursos.

A avaliación da mesma realizarase seguindo os criterios de avaliación individualizada establecidos na proposta curricular adaptada. Para efectos de promoción o referente serán os obxectivos xerais de etapa.

Tentarase, sempre que sexa posible, promover ao alumno/a cara situacións progresivamente máis normalizadoras.

12. FUNCIONES E RESPONSABILIDADES DOS DIFERENTES PROFESIONAIS

12.1. Claustro

- Consensuar a definición do marco conceptual elixido polo claustro deste centro (que é atención á diversidade, que medidas de atención á diversidade se adoptan, como entendemos o proceso de aprendizaxe)
- Elaborar o Proxecto Educativo de Centro e o Proxecto Curricular de Centro
- Elaborar o Plan Xeral de Atención á Diversidade, onde se definen as funcións dos distintos profesionais, o modelo de intervención, os criterios xerais para decidir cando un alumno recibe apoio...
- Revisar o nivel de participación das familias.
- Coordinar as funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

12.2. Profesorado titor

- O profesorado titor, figura de referencia da totalidade dos alumnos e alumnas da súa aula, actuará como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable de relación coas familias.
- A implicación do titor no proceso de ensinanza e aprendizaxe de todos os seus alumnos é básica e nunca pode ser suplantada pola intervención doutros profesionais.
- Serán funcións do titor:
 - Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe de Estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.
 - Realizar a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
 - Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e atender ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración de adaptacións curriculares coa colaboración do resto do profesorado ordinario que atende ao alumno, o profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora.
 - Facilitar a integración dos alumnos no grupo.
 - Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.

- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo con Pedagogía Terapéutica., Audición e Linguaxe. e resto de profesorado que interveñen directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun ciclo a outro.
- Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades educativas sobre todo aquilo que lles concirna en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

12.3. Profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- Cada membro do Equipo forma parte, a súa vez, dun “ciclo” (2º ciclo de Educación Infantil, 1º, 2º e 3º ciclo de Educación Primaria), preferiblemente no que concreta o seu apoio.
- Para coordinar as súas funcións, o equipo reúne unha vez á semana coa orientadora, que forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.
- Funcións do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
 - Atención directa docente ao alumnado con neae.
 - Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.
 - Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con neae. No caso do especialista de AL, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.
 - Colaboración co Departamento de orientación na elaboración do plano de actuación respecto ó alumnado con neae.
 - Colaboración co profesor titor e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
 - Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con neae, así como os pais destes alumnos/as.
 - Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.
 - Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar neste ámbito.
- Ademais o profesorado de Audición e Linguaxe:
 - Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o

primeiro ciclo de Educación Primaria. Contará coa colaboración da orientadora do centro.

- Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

12.4. Departamento de Orientación

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con neae. xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.
- Detectar e avaliar as neae do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobre-dotación que presente o alumnado.
- Organizar espazos e instalacións para a orientación, así como adquirir material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

- Cooperar cos membros de equipo de orientación específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

12.5. Equipo Directivo

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos están implicados tanto nos niveis de planificación como na posta en práctica das medidas que se propoñan.

Hai que sinalar o papel diferenciado do Equipo Directivo, como un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado e, especificamente, o rol da xefatura de estudos como coordinadora de todo o relacionado coa atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións...

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

12.6. Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa, o Plan de Acción Titorial, o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Orientación Educativa, o Plan de Convivencia Escolar se realicen conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo, do Plan Xeral de Atención á Diversidade e o resto anteriormente citado.
- Servir de intermediaria entre as propostas do claustro e do ciclo. Os representantes de cada ciclo elevarán as propostas do mesmo á comisión e viceversa, unha vez discutidas na CCP elevaranse ao claustro que aprobará ou non as mesmas.

12.7. Auxiliares Técnico Educativos

En coordinación cos profesionais implicados, colaborar na execución práctica, seguimento e avaliación dos programas de autonomía persoal e integración social do alumnado.

- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades de coidado, hixiene e aseo persoal, previamente programadas.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios.
- Guiar e/ou axudar ao alumno na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de mobilidade, autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.
- Guiar e/ou axudar ao alumno a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións llo impidan ou dificulten.
- Colaborar co resto do profesorado na atención, vixilancia e coidado destes alumnos/as durante os períodos de recreo, descanso e saídas.
- Axudar ao alumno/a dentro do aula, para facilitarlle o acceso a algunhas actividades que presentan especial dificultade para o mesmo. Estas, sempre deberán estar programadas e supervisadas polo profesorado xa se desenvolvan no aula ordinaria ou en agrupamentos específicos.

12.8. Outros

O centro educativo, inserto nun contexto, debe integrarse na comunidade como un recurso máis e, ao mesmo tempo, debe coñecer e aproveitar a rede de profesionais (educadores sociais, especialistas en saúde, traballadores sociais, etc.) e institucións de todo tipo (asociacións, centros de saúde...) que poidan redundar nunha mellor actuación educativa e, especificamente, nunha atención integral á diversidade do alumnado.

O equipo directivo e a orientadora terán unha especial atención para facilitar o contacto coa contorna: inter-relación entre centros educativos, relación entre institucións, tanto de carácter municipal como autonómico.

13. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS

Mecanismos internos:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.
- Reunións dos Equipos Docentes.

- Reunións entre o profesorado dos distintos niveis.
- Reunións entre o profesionais que atenden os ACNEAE.
- Reunións entre o profesorado titor e a orientadora

Utilizaranse as tecnoloxías de información e comunicación para facilitar as comunicacións entre o equipo docente do alumno/a.

14. PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN

O Departamento de Orientación elabora o borrador do plan e o presenta á Comisión Pedagóxica. Ademais este colgarase na páxina web do colexio para darlle difusión entre todo o Claustro.

A Comisión Pedagóxica remite as alegacións oportunas de cada ciclo. Elabora o documento proposta e o remite ao claustro de profesorado para ser sometido a votación. Unha vez aprobado, o plan incorporase ao proxecto curricular.

15. SEGUIMENTO E MELLORA DO PLAN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan Xeral de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

Corresponde á Comisión Pedagóxica o seguimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as achegas do Departamento de Orientación.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte. A avaliación efectuarase a dous niveis:

15.1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado

A avaliación debe cumprir as seguintes características:

- Mellorar a calidade das aprendizaxes, evitar todo carácter represivo, ubicar ao alumno /a nun nivel curricular que lle permita ter éxito.

- Debe ser permanente, continua e formativa, facilitando unha constante retroalimentación da aprendizaxe.
- Debe ser obxectiva, criterial e sistemática.
- Debe considerar o erro como fonte de novos aprendizaxes.
- Debe ser participativa e fomentar as técnicas de auto-avaliación.

En canto ao proceso de avaliación seguiranse, a nivel xeral, os seguintes pasos:

- Ao inicio do curso o profesorado titor revisará os expedientes do alumnado para ter en conta posibles neae xa detectadas (Secretaría e orientación).
- Realizarase nos primeiros días a avaliación inicial coa finalidade de tomar as medidas educativas oportunas segundo os datos obtidos. Estas medidas quedarán reflectidas na programación de aula (materiais de traballo adaptados, flexibilidade metodolóxica e organizativa etc.).
- Diversificaranse os procedementos de avaliación, así como os tipos de probas, técnicas e instrumentos.
- A avaliación será entendida como un proceso. Debe ser continua, flexible, formativa, sistemática e criterial.
- En 1º, 3º e 5º, o Departamento de orientación realizará probas colectivas coa finalidade de previr posibles dificultades de aprendizaxe e de mellorar a atención á diversidade.
- Cando un alumno por razóns médicas, familiares ou doutra índole, non acuda ao centro ou non poida participar das actividades dunha materia nun período prolongado dun xeito xustificado, a xunta de avaliación valorará que decisión tomar sobre a súa cualificación, podendo mesmo deixar sen avaliar ao alumno ou alumna se se considera que os datos para unha correcta avaliación son claramente insuficientes. En todo caso a xunta de avaliación informará aos pais e á inspección educativa da decisión tomada e das razóns que levaron á mesma.
- Este mesmo criterio se poderá aplicar ao alumnado que chegue trasladado ao centro co curso comezado e non curse unha avaliación completa no intre da súa incorporación.

15.2. Avaliación do plan propiamente dito

A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento.

Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e da programación para introducir os axustes necesarios.

- Análise e valoración nas reunións de ciclo quincenais coa orientadora.
- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

Ao final de cada curso, analizarase a adecuación deste á realidade do centro, e deseñaranse as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

Os instrumentos para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (titores/as, profesorado), como os seus destinatarios (alumnado, pais).

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do plan e programación da atención á diversidade son:

- Adecuación ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do PXAD establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro.

16. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS

16.1. Familias

Procurarase que as reunións estean reguladas polo centro. Será necesaria citación previa, agás excepcións. É importante incidir nos logros obtidos, sen esquecer aqueles

aspectos nos que se debe traballar máis. O titor/a coordinará a información que lle é transmitida polo profesorado de área e de apoio, co fin de non dar informacións contraditorias.

- Reunións iniciais.
- Hora semanal de atención ás familias.
- Axendas escolares.
- Información trimestral.
- Entrevistas periódicas.
- Protocolos para o intercambio de comunicación (faltas de asistencia, incidencias...).
- Compromiso de traballo.

16.2.Servizos externos

- Contacto periódico cos Servizos Sociais do Concello.
- Colaboración con Inspección.
- Colaboración co EOE.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería.
- Colaboración coas asociacións que traballan co alumnado con nee.
- Coordinación co IES.
- Colaboración cos Servizos sanitarios.
- Colaboración co Servizo de Menores.

17. ANEXOS